



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 1 DE FEBREIRO DE 2017.

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a. María Loureiro García.

CONCELLEIROS:

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Jesús Fernández Fernández, D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega, D. Emilio Villarrea Méndez, D^a. María Soledad Rey Yáñez, D^a. María del Carmen Franco Díaz, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D^a. Saray Blanco Canoura, D. Antonio José Bouza Rodil, D^a. M^a Jesús Vale López, D. Celestino Valentín García Paz, D^a. María Cristina Goás Fernández e D. Marcos Besada Álvarez.

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día un de febreiro de dous mil dezasete, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Excusa a súa asistencia verbalmente o concelleiro D. Jaime Eduardo de Olano Vela. Non asiste a esta sesión a interventora municipal nin o interventor por delegación.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

1ª PARTE: PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE 15 DE DECEMBRO DE 2016.

Non existindo obxeccións apróbase por unanimidade a acta da sesión de data 15/12/2016.



2ª PARTE: **PARTE DE CONTROL**

1.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. PARA QUE O CLUBE DO MAR DE CELEIRO XOGUE NA TEMPORADA 17/18 NA INSTALACIÓN DEPORTIVA DE LAVANDEIRAS.

Vista a moción do Grupo Municipal do P.P. para que o Clube do Mar de Celeiro xogue na temporada 17/18 na instalación deportiva de Lavandeiras, na que sinala que noutras dúas ocasións se plantexou este asunto polo grupo municipal do P.P. ante o Pleno, nos anos 2014 e 2016, e que se manifestou que se estaba a traballar para o uso polo Clube destas instalacións. Faise referencia a que neste momento segue sen poder utilizarse e que dende o propio clube indican que os arranxos para poder xogar e entrenar nas instalacións de Lavandeiras non serían moitos: construcións duns vestiarios (servirían unhas casetas mdoulares), valado do rectángulo de xogo (podería colocarse o antigo valado do Cembedo) e alumeado en condicións. Ante esta cuestión plantexan ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

“

1. *Instar á Sra. Alcaldesa para que consiga os recursos necesarios-ben sexa con fondos propios ou en colaboración con outras administracións ou entidades privadas-para dotar dos servizos que precisa dita instalación deportiva para o seu uso como tal.*
2. *Informar puntualmente a este Pleno das negociacións levadas a cabo para acadar os recursos que financien estas actuacións.*
3. *Adquirir o compromiso de que o Clube do Mar de fútbol de Celeiro poderá xogar os partidos da tempada 2017-2018 nestas instalacións.”*

Intervén a Sra. Alcaldesa para darlle a palabra ao Grupo Municipal do P.P., presentante da moción ao presente pleno.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P. D. Antonio Bouza Rodil que procede á lectura da moción.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que cando se refire a moción ás administracións entende que se referirá á Deputación de Lugo, porque a Xunta de Galicia ten esquecido a Viveiro, engadindo que se trata dunha realidade, e apuntando que saliu na prensa o estado da Rúa Grande e que todos están de acordo en que hai que arranxala, sinala que o ano pasado pediron subvencións polo Plan Urbe e denegouse. Manifesta que o problema non é a subvención, xa que todos queren un campo de fútbol para Celeiro e todos os grupos o levaban no programa, pero logo cambian as cousas, xa que hai que atender a moitos outros asuntos e establecer prioridades. Apunta a que non hai persoal para atender novas instalacións e contan cun gasto de máis de 300.000 euros ó ano, derivados de mantemento e limpeza e que o Clube do Mar de Celeiro entrena no campo,



xa que hai instalacións e poden xogar alí. Di que arranxar o campo de fútbol leva consigo outras actuacións, non só poñer unhas casetas, houbo varias reunións e hai que cumprir unha serie de medidas de seguridade, supoñendo tamén o alumeadado un gasto extra, non podendo dispor do persoal que hai para o mantemento contínuo dese campo. Engade que están acostumados a facer instalacións millonarias que logo non se poden manter, e tampouco se poden crear novas prazas, adiantando que o grupo do P.S.O.E. se vai abster. Engade así mesmo que aínda que se aprobe a moción a realidade é a realidade e ó mellor non poden xogar alí na tempada 2017-2018, que xa os concelleiros se reuniron co clube para ver a posibilidade de entrenar alí, pero para poder xogar a liga fan falta máis requisitos que neste momento non se poden levar a cabo.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para dicir que propoñen unha enmenda á moción, para que se acepte polo grupo propoñente, e nese caso votarán a favor. Supón engadir a realización das actuacións que se propoñen sempre que sexan compatibles coa realización alí de eventos culturais, como o Resurrection Fest. Sinala que non considera que as obras a realizar sexan tan importantes nin que o mantemento sexa tan difícil, xa que algúns equipos poderían colaborar no mantemento, considerando o máis complicado o vestiario, pero habería que buscar unha solución compatible.

Intervén D. Marcos Vesada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para sinalar que lle gustaría que o grupo propoñente da moción aclarase a que se refire cando fai referencia á colaboración con entidades privadas. Sinala que considera que debería adecuarse para que fose un espazo polivalente para albergar distintos eventos, que se pense como unha instalación deportiva multidisciplinaria e non só para o fútbol, xa que hai un déficit do resto de deportes no Concello respecto ao fútbol.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P. D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que o grupo municipal do P.P. se trae esta moción ao Pleno é porque considera que se pode levar a cabo o que se propón nela. Engade que coincide co concelleiro non adscrito en que o custo do mantemento non é para tanto. Fai referencia á orde do 20 de xaneiro publicada no DOG segundo a que se financia o 80% do orzamento e ata 40.000,00 euros para o investimento e aínda se está en prazo para pedila, que remata o 21 de febreiro. Ademais entende que o clube que o use debería asinar que os desperfectos que se ocasionen vaian por conta do usuario. Sinala que non teñen problema en incorporar que siga celebrándose alí o Resurrection Fest. Respecto á colaboración privada manifesta que se referían aos datos que constan na acta de 2014, cando a Sra. Alcaldesa dixo que a empresa do Resurrection iba acondicionar o campo de fútbol. Engade que a financiación para a inversión podería solventarse e o mantemento tamén cree que se pode solventar. Considera de xustiza facelo, e entende que se os partidos se xogasen en Lavandeiras a xente de Celeiro iría máis a ver o partido que se se realiza en Cemedo.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que no ano 2014 non cree que dixese que se iba acondicionar un campo de fútbol, senón que se trataba de restituir todo ao estado inicial. Reitera que se necesita persoal e un mantemento contínuo. Sinala que hai un



conserxe dun pabillón de baixa e se atopa suplíndoo un peón de xardinería, e que logo o P.P. dice que hai que desbrozar, e recalca que non é todo tan sinxelo, que hai problemas de persoal. Sinala que non se fai non porque non se queira facer ou porque se celebre alí o Resurrection, xa que se podería compatibilizar, senón polo custo que se sinalou que suporía, e que tendo en conta a situación de crise hai que priorizar á hora da realización dos gastos.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para dicir que só plantexaba que fose compatible a rpostada da moción con manter a ubicación do Resurrection Fest. Respecto á restitución do campo a como estaba entende que cando se entregou era un campo de fútbol, que agora está sen porterías e sen pintar. Respecto ao das entidades privadas manifesta que entende que se debería eliminar para non ir nese camiño de inversións privadas en instalacións públicas.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para sinalar que propón que a moción se encauce para albergar unha instalación multideportiva.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P. D. Antonio Bouza Rodil, para dicir que non ten problema en que se elimine a referencia a entidades privadas e se engada que sexa compatible coa realización de eventos culturais como a celebración do Resurrection Fest.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que a consideración de que “é de xustiza” non a considera acertada, considerando que hai que valorar as necesidades. Engade que ao Clube de Mar se lle deixan as instalacións para entrenar, aínda que non conta o campo coas condicións necesarias para xogar nel a liga. Insiste en que se necesitaría unha persoa, independentemente de que o Clube colaborase no mantemento de cortar o céspede, o que supón igualmente un control, supervisión e mantemento contínuo por parte do Concello.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación acordándose con 7 votos a favor, correspondentes ao grupo do P.P. e aos concelleiros non adscritos e 9 abstencións, correspondentes ao grupo do P.S.O.E. e a concelleiro do Son Viveiro integrante do grupo mixto, a aprobación da moción presentada polo Grupo municipal do P.P., segundo as modificacións derivadas do debate, do seguinte xeito:

Primeiro.- Instar á Sra. Alcaldesa para que consiga os recursos necesarios-ben sexa con fondos propios ou en colaboración con outras administracións- para dotar dos servizos que precisa dita instalación deportiva de Lavandeiras para o seu uso como tal, resultando o uso deportivo compatible coa realización nas referidas instalacións de eventos culturais como a realización do Resurrection Fest.



Segundo.- Informar puntualmente a este Pleno das negociacións levadas a cabo para acadar os recursos que financien estas actuacións.

Terceiro.- Adquirir o compromiso de que o Clube do Mar de fútbol de Celeiro poderá xogar os partidos da tempada 2017-2018 nestas instalacións.

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

A Sra. Alcaldesa dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía, mediante un listado resumo das memas, segundo consta no expediente, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda darse por informado das Resolucións dictadas pola Alcaldía.

3.- ROGOS E PREGUNTAS.

PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 11-01-2017 (Nº DE REXISTRO 2017-E-RC 140):

Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, as seguintes PREGUNTAS:

1.- *“Na sesión plenaria do 22 de setembro do 2007 levouse o dictame, aprobado en pleno sobre as propostas de novos nomes para distintas rúas do Concello - un total de 18 - , así como o aprobado tamén en pleno o 22 de decembro do 2008 relativo a dúas rúas máis (Fragata Magdalena e Bergantín Palomo) na parroquia de Covas . No pleno do 31 de marzo do 2011 adoptouse o acordo plenario de renumerar estas rúas e burgos a maior brevidade . No pleno do 19 de febreiro do 2013 aprobabase o rueiro do barrio de Xunqueira .*

Este grupo municipal no pleno do 8 de maio do 2014 fixo unha serie de preguntas dirixidas á Sra. Alcaldesa sobre estes acordos plenarios anteriormente mencionados , sendo a súa resposta que os planos para facer os novos rueiros estaban nas oficinas de Urbanismo e que se farían as comisions informativas oportunas para levar a cabo estes acordos .

*Dado o considerable tempo transcurrido e como queira que a día de hoxe non se fixo nada de nada e dado que descoñecemos os motivos polo que non se se levou a cabo nin a celebración das comisións, nin a execución dos acordos, e polo que lle **PREGUNTAMOS** á Sra Alcaldesa:*

1 - Cal foi a causa polo que non se fixo a colocación das placas das rúas e non se fixo a renumeración?

2 – Teñen pensado facelo a curto prazo? En caso afirmativo, para cando?



3 - *Despois de tres anos e pico – abril 2013 – ten pensado convocar a comisión correspondente para a asignación dunha rúa a D. Carlos Oroza, ó tempo que xa de paso aproveita para asignar o espacio aprobado no pleno de xullo deste ano a D. Enrique Cal Pardo?”*

Intervén a Sra. Alcaldesa para contestar, que tal e como se indica nesta pregunta do grupo do P.P., nos últimos anos viñéronse adoptando acordos plenarios nomeando novas rúas ou modificando as denominacións existentes sen que se chegara a completar a tramitación dos expedientes segundo corresponde, é dicir, sen chegar a facer efectiva a nova numeración. Como se dixo no seu momento, en 2014 este goberno encomendou a persoal municipal que fixeran o traballo de campo para proceder á renumeración dos viais afectados polos acordos plenarios referidos. Este traballo estase a levar a cabo, quedando unicamente pendentes determinadas rúas de Covas nas que existen dúbidas con respecto ao punto no que debe iniciarse a renumeración, resultando polo tanto esta renumeración máis complexo do previsto. A demora referida débese, polo tanto, ás circunstancias sinaladas e ao volume de traballo deste concello; intentarase rematar ao expediente á maior brevidade posible e, posteriormente, convocar as comisións correspondentes para asignar as rúas que levarán os nomes de Carlos Oroza e Enrique Cal Pardo.

2.- *“No pleno do 6 de novembro do 2014 vista a proposta do departamento de Medio Ambiente , así como o acordo da Xunta de Goberno Local sobre a contratación dun servizo de recollida urbana de aceites de cociña usados , acordouse por unanimidade a tramitación do expediente de contratación para este servizo , incluso o noso grupo municipal en plenos dos anos 2013 e 2014 e no apartado de rogos e preguntas tiñalle pedido ó goberno local que realizase as xestións necesarias coa empresa encargada desta recollida na Mariña, para así contribuir á mellora do Medio Ambiente. Como xa transcurriu bastante tempo dende aquela e non soubemos nada máis ó respecto desta iniciativa, e polo que lle **PREGUNTAMOS** á Sra. Alcaldesa :*

1 - *En que situación se encontran os tramites ou xestións para a contratación desta empresa encargada da recollida de aceites usados?”*

Intervén a Sra. Alcaldesa para contestar que estaba todo preparado (pregos e contratación), pero coincidiu coa entrada de Viveiro na Mancomunidade, e estaba previsto realizalo por ésta, pero Viveiro aínda non está oficialmente na Mancomunidade, e por ese motivo se retrasou este asunto, co que está agora o Concelleiro de Obras para solventalo.



3.- *“Fai agora un ano o equipo de goberno daba conta nalgún medio de comunicación que estaban elaborando un proxecto para a ampliación e modificación da rotonda da Misericordia. A principios de 2016 Costas derribaba a nave – a antiga Opel - que había no lugar sendo este espazo acondicionado como zona verde . Como queira que a ampliación da rotonda actual está sendo moi demandada polos autobuses e transportistas , tanto polos riscos nas maniobras , como polo alto coste económico que lles suponen o desgaste das rodas e as torsións nos vehículos como consecuencia dos xiros que teñen que realizar nunha zona tan reducida , transportando cargas de ata 25 toneladas, e polo que lle*
PREGUNTAMOS ó equipo de goberno local:

- 1) *Teñen xa elaborado o proxecto para a ampliación e modificación da citada rotonda?*
- 2) *En caso afirmativo, cal é o presuposto de dita actuación?*
- 3) *Para cando contemplan levar a cabo dita obra?”*

Intervén a Sra. Alcaldesa para contestar que non deixa de sorprendelle que os membros do grupo municipal do Partido Popular se manifesten por uns supostos riscos nas maniobras dos camións na rotonda do Ecce Homo cando mantiveron un silencio cómplice mentres o goberno do Partido Popular na Xunta tivo paralizada a construción da vía de alta capacidade. Esta paralización, que hipoteca o desenvolvemento do concello, obrigou ao goberno municipal a desenvolver un plan de tráfico para reducir o caos circulatorio. Xa naquel momento modificouse a rotonda referida seguindo, como corresponde, as directrices dos titulares da estrada autonómica. Con respecto á nova ampliación da rotonda, sinala que o concelleiro de obras e o arquitecto municipal encargado de redactar o anteproxecto xa mantiveron unha reunión con persoal da Delegación Provincial de Infraestruturas. Á marxe do modo de financiar a obra, manifesta coincidir na necesidade de realizar un convenio coa Consellería de Infraestruturas. A Consellería, ao ser titular da estrada onde se atopa a rotonda, é a que ten que solicitar a Costas previamente a cesión do terreo para a ampliación.

ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 18-01-2017 (Nº DE REXISTRO 2017-E-RC 256):

D^a. Cristina Goás Fernández, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, os seguintes ROGOS:

1.- *“O Grupo Municipal do P.P. de Viveiro faise eco da demanda de varios veciños residentes en San Lázaro para a colocación de columpios e tobogáns para o uso e disfrute dos máis pequenos residentes en San Lázaro e Pénjamo, así como todos os nenos do concello. ROGAMOS ó goberno local que teña a ben facer as xestións necesarias para a instalación de dito mobiliario na zona sinalada.”*

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que, dende que teñen a responsabilidade de goberno multiplicaron a instalación de áreas recreativas infantís. A día de hoxe teñen como obxectivo manter os que existen nun estado aceptable. Entenden que os nenos de San



Lázaro e Pénjamo teñen cuberta esta necesidade cos xogos instalados na Praza de Mahía. De todos modos, antes de tomar unha decisión definitiva necesítase estudar a demanda na zona e un lugar de instalación se fose necesario. Engade que esa demanda non chegou ao goberno.

Intervén D^a. Cristina Goás Fernández, en representación do Grupo Municipal do P.P. para dicir que o comentou un veciño. Sinala que acaba de saír unha subvención, aínda que dende a Alcaldía se diga que a Xunta non da nada, pero hai que solicitala en tempo e forma e contestar aos requerimentos. Apunta que hai unha subvención publicada o 20 de xaneiro onde se contempla esta posibilidade, e os orzamentos están sen eleaborar polo que se pode prever unha partida para facer fronte á aportación municipal.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que é fácil facer pero logo hai que manter as instalacións que se fan. Engade que hai moitas subvencións nas que non se financia ao 100%, polo que hai que estudialas e mirar se convén pedilas ou non. Sinala que hai subvencións como as Fondo de Compensación que se dan a Viveiro porque se dan a todos os Concelos, pero volve a recalcar a desestimación da subvención ddo Plan Urbe para a Rúa Grande. Engade que se non se piden en tempo e forma será asunto dos técnicos e sinala que se piden. Di que cree que xa se están estudando as subvencións ás que fai referencia, pero que se mirará. Recalca que custa manter as instalacións que xa hai e polo tanto hai que valorar en crear outras novas, pero estudarase.

Intervén D^a. Cristina Goás Fernández, en representación do Grupo Municipal do P.P. para dicir que hai que ter valorado que en ocasións hai baixas de persoal, para poder cubrilas polo Concello ao igual que sucede nunha empresa.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o Concello non pode cubrilas en numerosas ocasións e considerando que se trata dun tema xurídico dalle a palabra á Secretaria Municipal para que explique se se pode cubrir unha baixa dun traballador.

Intervén a Secretaria Municipal para indicar que para a substitución dun traballador debe atenderse á normativa vixente en cada momento en materia de emprego público así como ás limitacións que en cada exercizo establece a Lei de Orzamentos estatal, que para algúns supostos se permite e noutros contempla nos últimos anos máis restricións. A contratación debe realizarse seguindo o correspondente proceso selectivo e coa consignación orzamentaria correspondente.

2.- *“Asimesmo solicítase a realización das obras pertinentes para a adecuación e modificacións da “cafetería” (si se lle pode chamar así) nas instalacións deportivas do campo de fútbol do Cembado, xa que esta reclamación por parte de algúns pais de nenos vense facendo dende hai varios anos.*

Ditas obras consistirían en suprimir 2 escalóns de bancadas situadas debaixo donde está situada agora a cafetería, facer unha pequena plataforma e aproveitar a parte baixa para almacén da mesma. Asimesmo colocar algún tipo de protección na parte traseira de dita



cafetería co fin de protexer tanto da chuvia e vento ás persoas que están traballando de forma voluntaria en dita instalación.”

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que, en primeiro lugar quere recordar que no ano 2004 o goberno bipartito PSOE-BNG, presidido por Melchor Roel, recuperou o campo do Cembedo para as diferentes categorías inferiores do concello. Este feito propiciou a multiplicación de colectivos dedicados á práctica do fútbol. Dende o concello non só se vén colaborando economicamente, senón que tamén se atenden as necesidades plantexadas dende os diferentes colectivos deportivos. O campo do Cembedo, non dispón de cafetería. O goberno local instalou, a requirimento dalgún colectivo, dende unha caseta metálica ata o que a concelleira do grupo do P.P. entrecomilla como cafetería. Cando se propuxo a instalación á que se refire o rogo, o arquitecto municipal informou negativamente polo perigo que podía entrañar.

3.- *“ROGAMOS a Corporación a colocación dunha placa de recoñecemento a CRISTIAN TORO medalla de Ouro en Rio 2016 en K2 na entrada as instalacións do Club de Piragüismo de Viveiro, así como se inclúa dentro da Programación das Festas Patronais de Agosto unha Regata que leve o seu nome.”*

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o goberno local xa se preocupou no seu momento de facer un recoñecemento público a Cristian Toro, persoa ligada de forma temporal ao Club de Piragüismo da nosa localidade. Entenden que, para evitar agravios comparativos con outros deportistas locais, debería ser o propio club de acollida, se así o estima oportuno, quen promova estas accións ou valorarse nunha comisión. Engade que o concelleiro de deportes estivo en contacto con él para facerlle unha recepción, que aínda non puido realizarse por motivo da súa axenda.

ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 30-01-2017 (Nº DE REXISTRO 2017-E-RC 421):

Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, os seguintes ROGOS:

1.- *“O noso Grupo Municipal fixo, fai uns meses, un rogo nun Pleno para a limpeza do lodo do Calexón da Rúa Amargura na parroquia de Celeiro. Como queira que a día de hoxe sigue igual ou peor, co conseguinte risco para os viandantes que transitan por él a miúdo, é polo que lle ROGAMOS á Sra. Alcaldesa que se faiga a limpeza do pavimento do citado calexón o antes posible, para evitar accidentes que despois teñamos que lamentar.”*

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o concelleiro de Obras visita habitualmente a parroquia de Celeiro e ningún veciño se lle volveu a queixar pola limpeza da rúa



Amargura. En calquera caso, pasará a comprobar in situ a situación. Infórmalles, así mesmo, que a persoa que se dedica a chorrear determinadas zonas leva de baixa catro meses e que o persoal de obras é, cada vez, máis escaso.

2.- *“Nos Plenos de marzo e setembro do pasado ano, fixemos sendos rogos para reponer o espello de seguridade vial situado na curva de Vilar, cerca do barrio do Cabezón na parroquia de Galdo no tramo da estrada Vieiro-Galdo. Como queira que a día de hoxe a situación sigue igual é polo que por terceira vez lle ROGAMOS á Sra. Alcaldesa que se repoña o antes posible para evitar accidentes.”*

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que recorda que está pendente a colocación do espello citado; en calquera caso, o día que foron a colocalo, o poste que existía atopábase totalmente deteriorado debido á madeira que se depositou na zona.

PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 30-01-2017 (Nº DE REXISTRO 2017-E-RC 422):

Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, as seguintes PREGUNTAS:

“Veciños da parroquia de Celeiro dirixíronse ó noso grupo municipal lamentándose do mal estado actual dalgunhas rúas, tal e como acontece no caso da rúa Grande e na rúa dos Castros onde o pavimento se atopa moi deteriorado. Tal e como nos transmiten os propios veciños o goberno local é coñecedor do lamentable estado das citadas rúas. Por esta razón lle PREGUNTAMOS á Sra. Alcaldesa:

1.- *Para cando está prevista a finalización do empedrado e servizos (auga, alcantarillado, etc) da obra da rúa Grande?*

2.- *Vai haber algunha partida orzamentaria nos Presupostos do 2017 para continuar coas obras da rúa Grande en Celeiro?*

3.- *Dado que cando chove ós veciños lles resulta difícil transitar pola mesma, para cando teñen prevista a reparación do pavimento de cemento na rúa dos Castros desde as vivendas nº 11 ata o 17 (uns 25 metros lineales)?”*

Intervén a Sra. Alcaldesa para contestar que, nos últimos anos, en varias fases e grazas aos convenios asinados coa Deputación de Lugo, o equipo de goberno executou en Celeiro un número importante de actuacións que van dende a Atalaya ata a Casa do Forno. O ano pasado elaborouse o proxecto para continuar as obras levadas a cabo nesta rúa, no tramo comprendido entre a Casa do Forno e a Igrexa de Celeiro; para este fin solicitouse unha subvención á Xunta de Galicia con cargo ao Plan Urbe, sendo esta axuda desestimada. Este ano retomouse o tema e vanse intentar executar parte destas



actuacións con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental; tendo en conta que a contía desta subvención é inferior á solicitada o ano pasado, as obras a realizar abranguen o tramo comprendido entre a Casa do Forno e o cruce do Camiño da Candieira. Neste proxecto, seguindo os criterios adoptados no seu momento, incluíranse as obras de canalización dos servizos e o empedrado na mesma liña que as actuacións xa realizadas na zona; quedando unicamente pendente a realización de actuacións entre o punto sinalado e a Igrexa. Con respecto á Calexa dos Castro, o Concelleiro de Obras xa é coñecedor da situación e está a realizar os trámites necesarios para poder solventar as deficiencias existentes.

ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 30-01-2017 (Nº DE REXISTRO 2017-E-RC 423):

D. Antonio Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Sra. Alcaldesa da Corporación, os seguintes ROGOS:

“No DOG do 28 de outubro do 2016 saía publicada a resolución das axudas concedidas ao abeiro da Resolución do 19 de febreiro de 2016, pola que se establecían as bases para a concesión de subvencións ós Concellos para o apoio aos investimentos para uso público en infraestructuras recreativas, información turística e infraestructura turística a pequena escala mediante o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

Unha vez máis asistíamos a outra perda de oportunidades para un Concello Turístico como é o noso, xa que ó comprobar dita resolución viamos como Viveiro non aparecía, namentres que sí o facían a práctica totalidade de concellos veciños de a Mariña con diferentes proxectos: Barreiros (19.979€), Xove (5.200€), Foz (13.500€), Mondoñedo (35.201€), O Vicedo (12.107€), Alfoz (15.052€), Ribadeo (5.178€) e Lourenzá (14.430€).

Non alcanzamos a comprender por que razón non se solicitou esta subvención coa que se poderían financiar proxectos como a mellora de accesibilidade e a sinalización de determinados espazos turísticos ou a sinalización de rutas de sendeirismo entre outros, aspectos nos que desgraciadamente o noso Concello deixa moito que desexar.

Como queira, que xa en anteriores ocasións temos preguntado pola perda de distintas subvencións e dado que se nos decía que avisásemos con antelación a súa resolución e polo que lle ROGAMOS á Sra. Alcaldesa que proceda á súa solicitude, dado que no DOG do venres 20 de xaneiro deste 2017 volta a saír esta mesma resolución de subvencións a entidades locais para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria para o ano 2017. Agardemos que non se despisten e o fagan antes de que finalice o prazo de solicitude-un mes a partir do día seguinte da súa publicación.”

Intevén a Sra. Alcaldesa para dicir que, antes de que se presentase este rogo, xa se estaba valorando a solicitude da subvención referida. En plenos anteriores xa se explicou que ante a publicación dunha axuda deste tipo, os técnicos do departamento correspondente son os encargados de estudar a orde para analizar as actuacións



subvencionables; posteriormente, xunto coa alcaldía e coa persoa encargada de tramitar as subvencións, tendo en conta os requisitos esixidos, importes subvencionables, existencia de consignación, etc, valórase a posibilidade de solicitala ou non. Neste caso en concreto, estase nesa fase de estudo previo, sen poder determinar polo momento se a subvención referida se vai a solicitar ou non, deixando claro, en todo caso, que se non se solicita non é nin por descoñecemento nin por deixadez.

ROGOS PRESENTADOS POLO CONCELLEIRO DE SON VIVEIRO, INTEGRANTE DO GRUPO MIXTO, EN DATA 16-01-2017 (Nº DE REXISTRO 2017- E- RC 202):

D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto presenta o seguinte ROGO:

“En repetidas ocasións, foron presentados preguntas e rogos relativos ao estado da fonte do Cadafalso, no comezo da rúa Alonso Pérez, cerca da carestía ou ausencia de caudal nalgún ou en varios dos seus caños, problemas que persisten na actualidade.

Por iso solicitamos que por parte do Sr. Concelleiro de Obras se leven a cabo as investigacións oportunas para darlle unha pronta e duradeira solución a este contratempo”.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que, ano tras ano, persoal municipal vén revisando a traída de auga que surte a fonte de Cadafalso. En máis de unha ocasión tívose que revisar, previo desbroce da maleza, o percorrido entre o manantial e a fonte para detectar as anomalías. O fontaneiro municipal entende que a día de hoxe o caudal é escaso pola gran sequía que estamos soportando. A única incidencia digna de reseñar realaciónase cun atasco nunha chave de paso que deixou a fonte sen auga durante un día.

PREGUNTAS PRESENTADAS POLO CONCELLEIRO DE SON VIVEIRO, INTEGRANTE DO GRUPO MIXTO, EN DATA 16-01-2017 (Nº DE REXISTRO 2017- E- RC 203):

D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto presenta a seguinte PREGUNTA:

“O 4 de decembro de 2005, un informe emitido pola Intervención con motivo da modificación do contrato do lixo, na súa exposición final , di:

“Según la documentación y consultas realizadas a personas que intervinieron en la tramitación del contrato original, entre las razones que fundamentaron la adjudicación de la concesión a INUSA se encontraba la construcción de la nave mencionada en el término municipal, sin especificarse que fuese en terrenos del Ayuntamiento. La cesión de este terreno, al menos debe



suponer un menor canon que debe pagar el Ayuntamiento o el incremento o mejora de los servicios de la empresa sin un aumento proporcional del precio del contrato”.

No Pleno celebrado o 1 de xuño do 2016, en nome do Grupo Municipal que represento, formulamos unha serie de preguntas ás que a Sra. Alcaldesa respondeu con imprecisións, tales como que a construción se faría no Parque Empresarial de Landrove nunha parcela duns 1.000 metros cadrados cedida polo Concello e que o tamaño sería de 200 ou 300 metros cadrados, a pesar de que no punto 7 do contrato firmado o día 26 de febreiro de 2000 a empresa CESPAs comprometeuse a construír unha nave de 505 metros cadrados dotada, polo menos, das seguintes zonas: aparcadoiro-lavadoiro, taller, almacén, oficina, aseos e vestiarios. Dado que o 27 de decembro do presente ano remata o prazo da concesión á empresa CESPAs dos servizos públicos de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e limpeza de espazos públicos no termo municipal de Viveiro, volvemos a traer a este Pleno as seguintes:

PREGUNTAS

- 1. Tivo lugar a xuntanza coa empresa anunciada pola Sra. Alcaldesa?*
- 2. Existe informe xurídico que avale a obrigatoriedade do Concello de aportar a parcela onde se edifique a nave?*
- 3. Cal é o número da parcela que o Concello puxo a disposición de CESPAs para a construción da nave?*
- 4. A canto ascende o prezo da parcela?*
- 5. Cal via ser o custo da nave?*
- 6. En que datas comezará e rematará a súa construción?”*

Intrevén a Sra. Alcaldesa para contestar que, dende que se preguntou por este asunto na sesión plenaria de xuño de 2016, o equipo de goberno e os técnicos municipais reuníronse coa empresa Cespas en diversas ocasións co obxectivo de tratar a obrigatoriedade da empresa para a construción da nave. A empresa está obrigada a construír unha nave en base á oferta presentada e o contrato asinado no ano 2000. Este contrato foi obxecto dunha modificación en 2007, incluíndose no referente á nave a obriga do contratista de construción desa instalación ata un importe de 120.202,42 euros, quedando condicionada á cesión por parte do concello dos terreos. En 2015 púxose a disposición da empresa a parcela municipal sita no Parque Empresarial de Landrove (parcela II-6), reiterándose esta en 2016. O inicio das obras non se pode determinar con exactitude, xa que nas últimas reunións se estiveron a avaliar, cos técnicos municipais as propostas de construción que a empresa pretende formular. O órgano de contratación é o pleno, polo que unha vez presentada a proposta de construción deberá ser aprobada polo pleno e terase a información solicitada.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que resulta interesante esta cuestión, posto que este ano remata a concesión do lixo. Engade que estes servizos poden conlevar o 15 ou 20% do orzamento municipal polo que o considera un asunto delicado que non debe deixarse para última hora. Apunta que hai estudos de Deputacións e concellos que valoran a



municipalización, observando que se pode aforrar moito diñeiro. Préstase a colaborar neste asunto.

Intrevén a Sra. Alcaldesa para dicir que se está valorando todo este asunto, e que aínda tivo lugar unha reunión coa empresa concesionaria a semana pasada.

ROGOS PRESENTADOS POLO CONCELLEIRO DE SON VIVEIRO, INTEGRANTE DO GRUPO MIXTO, EN DATA 16-01-2017 (Nº DE REXISTRO 2017- E- RC 204):

D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto presenta o seguinte ROGO:

“No Pleno celebrado o 7 de xaneiro de 2016, SON VIVEIRO presentou unha moción solicitando un paso peonil na rúa García Dóriga. Logo do informe favorable emitido polos técnicos municipais, a proposta foi aprobada acordando efectuar un rebaixamento na marxe esquerda da beirarrúa, fronte ao xa existente na outra banda e proceder a pintar un paso peonil coincidindo aproximadamente co centro do edificio que facilite cun mínimo de seguridade o acceso ao mesmo. Ao ter transcorrido máis dun ano deste acordo, solicitamos que a obra sexa executada á maior brevidade posible.”

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que recorda a moción á que se fai referencia e a súa intención é executalo con motivo dunha obra que se vai realizar no Camiño Vello.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 21.20 do día 1 de febreiro de 2017, extendéndose a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)